


Tecnoloxía

- **Taller de vistas:** Debuxa as vistas das figuras
- **Mecanismos:** Taller de mecanismos




Os contidos DIXIT son definidos polo profesorado para unha materia e curso concretos, pero poden ser empregados en outros niveis segundo o criterio docente e as características do seu alumnado.



Tecnoloxía

Taller de vistas

Debuxa as vistas das figuras



Contido manipulativo no que o alumnado poderá observar figuras en 3D e representar as súas vistas principais (alzado, planta, perfil dereito e perfil esquerdo). O laboratorio permitirá debuxar liñas sólidas ou punteadas de forma sinxela e dinámica, e incluírá numerosas figuras en orde ascendente de dificultade. Esta iniciativa está formada por tres contidos, cada un correspóndese cun nivel de complexidade: básico, intermedio e avanzado.

Características destacadas:

- Laboratorio manipulativo e interactivo.
- Área de visualización que permite a rotación da figura para poder visualizala desde diferentes ángulos.
- Área de debuxo composta por catro matrices para a representación das vistas principais das figuras.
- Diferentes opcións para o debuxo e o borrado das liñas.
- Posibilidade de descarga das vistas debuxadas para o envío ao profesorado.

Idioma do contido: castelán.

Obxectivos:


- Representar figuras mediante vistas, partindo dunha perspectiva.
- Deseñar obxectos tecnolóxicos empregando a representación das vistas dos mesmos.
- Diferenciar as vistas básicas dunha figura: alzado, planta, perfil dereito e perfil esquerdo.
- Localizar no lugar correcto as vistas dun obxecto.

Contidos:

- Vistas: alzado, planta, perfil dereito e perfil esquerdo.
- Representación gráfica.
- Deseño de obxectos.


Número de sesións estimadas:

2-3 sesións, segundo criterio docente.



Tecnoloxía

Mecanismos

*Taller de
mecanismos*

Contido manipulativo que permite a observación en movemente de diversos mecanismos (pancas de 1º, 2º e 3º xénero, poleas e engranaxes). O alumnado poderá modificar os datos das variables a través de deslizadores (no que o intervalo de valores dispoñible é finito e predefinido de antemán) e visualizar o movemente que realizan os mecanismos a partir dos datos establecidos. Certas variables atópanse bloqueadas e defínense en función dos valores outorgados no resto.

Características destacadas:

- Laboratorio manipulativo e interactivo.
- Modificación das variables de cada mecanismo a través de deslizadores.
- Variables bloqueadas de antemán nas que o seu valor se definirá en función dos datos outorgados ao resto de variables.
- Área de visualización na que se poderá observar o movemente dos mecanismos en función dos datos establecidos.

Idioma do contido: castelán.

Obxectivos:

- Identificar os sistemas mecánicos de transmisión e transformación do movemente.
- Analizar o funcionamento dos mecanismos.
- Comprender a aplicación práctica dos mecanismos de transmisión e transformación do movemente.

Contidos:

- Mecanismos de transmisión e transformación do movemente.
- Pancas de 1º, 2º e 3º xénero.
- Poleas.
- Engrenaxes

Número de sesións estimadas:

1 sesión.

